

## “CORAL POLIFÓNICA DE BUEU”

A “Coral Polifónica de Bueu” fúndase en 1979 por un grupo de persoas amantes do canto coral. O seu primeiro director foi Xesús Moldes Monroy, substituído posteriormente polo en aquel entón párroco de Bueu, Xesús Tenorio Pena. Trala infirmitade e posterior pasamento deste último, a Coral sufriu unha paréntese de inactividade ata que en 1996, faise cargo da dirección Rosa M<sup>a</sup> Cerviño Loira, profesora da Escola-Obradoiro de Música do Concello de Bueu, soprano lírica, diplomada en piano polo Conservatorio Superior de Música de Santiago de Compostela.

A Coral forma parte da Federación Galega de Corais, FECOGA, e está inscrita no programa cultural da Excelentísima Deputación de Pontevedra, PONTEGAL.

Dende a súa fundación, a Coral desenvolveu un inxente labor de divulgación e dignificación do patrimonio músico-coral galego, tendo participado en multitude de concertos ao longo do país, ademais de Portugal e outros lugares da xeografía galega.

Comprometida coa normalización lingüística, interpreta en galego a meirande parte do seu repertorio, agás os orixinais en latín, para o que conta cun pequeno gabinete de tradución e investigación musical. Conta no seu repertorio coas Cantigas de Martín Códax, unhas das pezas de música profana máis antigas que existen no mundo, así como pezas da polifonía do “Códice Calixtino”.

O concerto “UNHA VIAXE POLA HISTORIA DA MÚSICA EN CLAVE GALEGA” no que (utilizando como fio conductor a música feita en Galicia), faise un percorrido histórico-didáctico polos distintos estilos musicais salientando a súa evolución dende a Idade Media ata os nosos días. Dito concertó interpretouno a coral en 16 concellos da xeografía galega.

No ano 2020 por causas do COVID 19, interrompiu as actividades corais, retomadas ao principio deste ano 2022 e coa modificación na dirección musical que comeza a ser levada por **Xesús Tenorio Del Rio**, Graduado no Conservatorio Superior de Música de Vigo, en substitución de **Rosa Cerviño Loira** que estivo na dirección da mesma perante 25 anos.

Interpretan:

- 1º.- “O voso galo comadre” ... Miguel Grova
- 2º.- “La caña dulce”..... Manuel Massotti Littel
- 3º.- “Habanera salada”..... Ricardo Lafuente Aguado. Arm: Manuel Martinez Guirao
- 4º.- “Velái vai”.....Francisco Antonio Rey Rivero

Dirixe: **Xesús Tenorio Del Rio**

Como remate do Encontro, as tres Corais cantarán: “**Fisterra**” (popular galega).

## XIII ENCONTRO DE CORAIS

### “Ó SON DO MAR”

organizado pola

**CORAL POLIFÓNICA DE BUEU**

**Auditorio do Centro Social do Mar, en Bueu.**

**venres 15 de xullo do 2022, ás 20:00 horas**

*(entrada libre e gratuíta)*



*(Porto de Bueu hai anos: Autor Fernando Otero)*

## “ORFEÓN MOAÑA”

Fundouse no ano 2007 a partir dunha idea dos compoñentes masculinos da “Masa Coral Moañesa” de formar un coro integrado totalmente por homes.

Dende entón cantan tódolos anos en Moaña con motivo das Letras Galegas na festividade de Santa Cecilia e polo Nadal. Tamén organizan cada ano un Festival de Primavera, polas datas que abrangue a estación do ano que lle da nome á mesma.

Este Orfeón ten interpretado mostras do seu repertorio tamén en moitos lugares da nosa Comunidade: no Auditorio de Cangas do Morrazo, en Vigo, no Carballiño e Combarro, en Narón, Betanzos, Serres de Muros, Mondariz, Cedeira, A Cañiza, etc...

Conta cun repertorio variado, que inclúe música popular (galega e doutros lugares), zarzuelas, habaneras ... e tamén repertorio relixioso.

O director fundador deste “Orfeón Moaña” foi D. Manuel Iglesias Martínez.

Actualmente o director é D. Jesús Tenorio Del Rio.

Interpretan:

- 1º.- “**Blanco velero**” ..... J. Hernando Sanz (letra: M. Carmen Díaz Laso).
- 2º.- “**Xirarei**” ..... Xil Rios (arr.: David Santiago).
- 3º.- “**Dicen que se muere el mar**” ..... J. Madurga Oteiza.
- 4º.- “**Granada**” ..... A. Lara. (arr.: T. R. Ribote)

Dirixe: **Jesús Tenorio Del Rio**

### **Fisterra**

Fisterra vai na proa, Camariñas vai no mare, Santa Uxía de Riveira Pobo do Caramiñale.

**Eu tamen choro, eu tamén choro, cando no me alumean meu ben,**

**Eses teus ollos, eses teus ollos cando non me alumean meu ben, Eu tamén choro**

Si queres que brille a lúa, pecha os ollos meu amor, que mentres os tes abertos a lúa

Pensa que hai sol..... **Eu tamén choro...**

Para sardiñas Aguiño, para bolos Castiñeiras, Para rapazas bonitas, Santa Uxía de Riveira.

**Eu tamén choro, éu tamen choro.....**

## “CORAL POLIFÓNICA VAGALUME”

Nacida en Santa M<sup>a</sup> de Oia en novembro do 2001 fixo a súa presentación o día 12 de xullo no 2003, cun programa de panxoliñas cantadas en tódalas parroquias do Municipio de Oia.

No mes de xullo do ano 2005 asume a dirección musical D. Cesar Lorenzo Álvarez e o día 6 de Xaneiro do 2006, xunto coa Coral da Guarda que a apadriña, actúan nun concerto facendo así a súa presentación oficial.

A Coral Vagalume é membro da Federación Coral Galega (FECOGA) e está inscrita nos círculos culturais da Excelentísima Deputación de Pontevedra.

No ano 2008 participa no I Certamen de Corais que organiza a Deputación de Pontevedra no Auditorio da Xuventude de Cambados, participa ademais como invitada nun festival de vilancicos en Póvoa do Varzim (Portugal), conxuntamente con outras corais do país veciño.

O día 5 de marzo de 2010 participa nun Festival de Corais en Calzada (Asturias) e na mesma viaxe o día 6 cantou a Misa do Peregrino na Basílica de Covadonga.

Ten actuado xunto con outras Corais do Camiño portugués da costa e na Misa do Peregrino (na Catedral de Santiago de Compostela). Cómpre destacar tamén a actuación en Fátima (na Capela das Aparicións), onde se cantou a “Misa do Peregrino”.

No ano 2016 visitou o pobo de Oiã en Portugal, irmanado co pobo de Oia, actuando na igrexa de Santa Margarida, participando nun Encontro de Corais. Neste mesmo ano 2016 participou nun Certamen de Corais organizado pola Asociación Cultural San Vicente de Mañufe, no que acadou o 1º premio.

Organiza tódolos anos un Concerto de Verán, e ademais polo Nadal un Concerto de Corais en colaboración co Concello de Oia.

Interpretan:

- 1º.- “**Era una flor**” ..... Jesús Romo.
- 2º.- “**Yo quiero ser marinero**” .... Vicente Más Martínez / Manuel Celdrán
- 3º.- “**Canción do temporal**” ..... Lois Amado Carballo / Juan López
- 4º.- “**Veinte años**” ..... M<sup>a</sup> Teresa Vera / Arr. Cesar Lorenzo Alvarez.

Dirixe: **D. César Lorenzo Álvarez**